

Do amor como fin e comezo

Vicente Araguas

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ARAGUAS, VICENTE (2011 [2010]). “Do amor como fin e comezo”. *Diario de Ferrol*. “Nordesía”: 19 de setembro, 30. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/445>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ARAGUAS, VICENTE (2010). “Do amor como fin e comezo”. *Diario de Ferrol*. “Nordesía”: 19 de setembro, 30.

* Edición dispoñíbel desde o 28 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Do amor como fin e comezo



O autor viviu en Venezuela e Madrid ata instalarse na Coruña no ano 1999

AELG



LIBROS

VICENTE ARAGUAS

AUTOR

Ten o don dunha autenticidade que fai do confesionalismo puro "cinema verité"

Xoán Abeleira, de quen nada se nos di no seu último libro (darei pola miña conta que naceu en Maracay, Venezuela, en 1963) polo demais de fermosura na presenza, tapa dura, capa impecable, maquetaxe espléndida, é un poeta de alcance. Un poeta que para chegar a este volume, "As nosas sombras no xardín de Serralves" (Franouren Ediciones, Ourense, 2010), ten pasado por unha panorámica múltiple, que inclúe traducións (a que fixo dos poemas de Sylvia Plath ao español pasa por modélica) e libros de poesía propios, en castelán e galego. Un destes, "Animais, Animais" (2001), desapercibido nunha poética, como a nosa, que ás veces pode permitirse extraños luxos como obviar perlas desta caste. Poetas tan persoais como Xoán Abelaira, autor de poemas que piden a berros (el non, persoa tan discreta como ausente do ruído ambiental aparece a súa poesía) recoñecemento. Ou, o que é dicir o mesmo, lectura delongada.


"As nosas sombras no xardín de Serralves" é un libro de poesía de amor, e namorada; dun amor de moi difícil resolución que se move entre o que foi é o que xa non vai ser, o posible a e imposibilidade de que sexa. E semellante contradición fire máis aínda coidando

na fusión absoluta en que se debaten os amantes antes de que a vida veña afastalos, nun proceso elemental mais complexo, no que se misturan lírica e épica mesmo tinguidas as súas maneiras de drama. Tamén de ruralidade, como rural, o que non quere dicir enxebre, aínda que ás veces ben poideira, é a poesía da musa-antagonista de Xoán Abeleira. Quen fala nun poema de "Cunha man trompeando no ar/ Á olga/ E a outra pronta a arrincarte" ou nese que pecha (e non casualmente) o libro: "A brétema fixo de mín a súa olga de labranza: xa son o pai dos meus devanceiros". E aínda máis, hai alusións a certa Mariol que serviría para cadrar aínda máis un circo non precisamente caucasiano. Senón galego, e ben galego, coa aldea como núcleo dun mundo que non é o de Xoán Abeleira, sospeito, mais no que se vai introducindo co poderío e o "pathos" dun Ted Hughes, digamos para que o "puzzle" ou crebacabezas siga canxando máis.

Xoán Abeleira, en fin, ten o don dunha autenticidade que fai do confesionalismo puro "cinema ve-

rite" ou docudrama, desde a forza estética que moitas das súas imaxes teñen. Mesmo cando parten do naturalismo, así as secuencias da vaca parindo e Xoán Abeleira de axudante fascinado da operación.

Logo está que a súa poesía de puro erótica, tamén desde a fusión de dous corpos nun, devén cáseque asexuada nese "ensemble" ou combo, onde todos os instrumentos confluén ata semellar un só, de moitas cordas e bocas, e o mar de puro non estar é o río veciño que se fai meirande. E finalmente quero dicir que aquí hai alonxamentos, mais sen que ninguén cante o "Ne me quitte pas". O que se agradece.



Poesía Máldor nº 1

"As nosas sombras no xardín de Serralves"
Xoán Abeleira
Franouren ediciones / 17 euros